



Avanzando na recría con Fonteboa

Presentamos o traballo levado a cabo por un grupo de estudantes do Centro de Formación EFA Fonteboa, cuxo obxectivo foi demostrar a importancia de obter unha recría de calidade nas ganderías. Para iso, o equipo realizou unha toma de datos en varias explotacións de leite intensivas da provincia da Coruña, a partir dos cales se elaboraron as conclusións que se detallan a seguir.

Cristina Pilar Pousada

Técnica veterinaria especialista en recría

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

As granxas evolucionaron moito ao longo dos anos. Hoxe en día vense explotacións totalmente mecanizadas, con animais de alto valor xenético e unha maior produción vitalicia, unha situación que nada ten que ver coa forma de traballar e as vacas de hai vinte anos.

Esta evolución fíxose unha realidade ante a necesidade de mellorar a eficiencia dos produtores, tentando sempre ir da man dunha mellor

calidade de vida. A granxa de vacas de leite considérase unha grande empresa que se compón doutras tres nas que se produce leite, forraxe e xovencas; polo tanto, as tres empresas deben ser rendibles.

Este artigo xira ao redor desta última “subempresa”, a recría de xovencas, que en ocasións son as grandes esquecidas, debido a que non proporcionan produto de venda directa, aínda que son motor do que dependerá a rendibilidade futura da explotación.

O Centro de Promoción Rural EFA Fonteboa é consciente do crecemento das explotacións, así como da necesidade de persoal cada día máis formado; por iso, co fin de responder os requirimentos das ganderías do futuro, rodéase dos mellores profesionais do sector e está sempre á cabeza en canto a formación de novos profesionais.

O estudo que se detalla a continuación foi realizado polo alumnado de segundo curso do citado centro nalgunhas explotacións da provincia da Coruña, seleccionadas atendendo a diferentes criterios (número de animais, censo, manexo da recría, proximidade dos produtores etc.) para que os estudantes tivesen acceso aos datos que se necesitaban.

► CASE A METADE DAS EXPLOTACIÓNS ESTÁN EN PLENO CRECEMENTO OU EN FASE DE EXPERIMENTALO, POLO QUE A RECRÍA SERÁ UN DOS ALICERCES DA RENDIBILIDADE FUTURA PARA ELAS

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Para a elaboración deste proxecto recompiláronse datos da recría en explotacións innovadoras, ás cales se lles asignou un número para o tratamento cego dos datos obtidos. Desta maneira, só o alumno que visitaba a granxa coñecía a súa identidade, á vez que descoñecía a do resto dos seus compañeiros.

Antes de cada visita de recollida de datos, os alumnos recibían unha clase práctica nunha granxa que non consta no estudo, onde comprobaban de primeira man o manexo das xovencas e a forma de tomar os datos. A formación foi realizada pola veterinaria Cristina Pilar Pousada, en colaboración con MSD Animal Health.

A recollida e posterior análise dos datos obtidos fíxose a través de *e-mail* e de forma totalmente cega por parte dos responsables.

Os datos son agrupados en diferentes bloques, o que nos permite un enfoque global do manexo da explotación, observando puntos fortes e debilidades desta, á vez que se compara coas demais explotacións que forman parte do estudo.

Un punto a ter en conta é que case a metade das explotacións están en pleno crecemento ou en fase de experimentalo, polo que a recría será un dos alicerces da rendibilidade futura destas ganderías.

BLOQUE INFORMATIVO: QUE TIPOS DE GRANXAS SE ANALIZARON?

No bloque 1 recompilase información acerca da explotación: tamaño, tipo de muxido, base territorial, produción media etc.

Viuse que na maior parte das granxas hai unha oscilación de censo, de idade ao primeiro parto, de produción etc., o cal coincide coas características da produción en Galicia, onde hai unha gran dispersión de datos. ►

LECHES MATERNIZADAS



serval
Bienestar y rendimientos



Mejora tus resultados



CRECIMIENTO ÓPTIMO ✓



SEGURIDAD DIGESTIVA CONTROLADA ✓



RENDIMIENTO Y CONFORMACIÓN ✓

Tel: +34 629 64 02 61
www.serval.fr/es

Nos datos obtidos das granxas observamos un abano amplo do tamaño de explotación, a pesar de ser todas intensivas, movémonos nun rango que oscila desde 80 ata máis de 400 vacas en produción, con idades ao primeiro parto entre 22,2 e 26 meses, como podemos ver na táboa 1.

No mesmo grupo hai unha oscilación da produción/vaca primípara e día entre 27,7 e 40,7 litros. Son datos bastante amplos, suficientes para representar a maioría das explotacións leiteiras da comunidade. Cabe destacar que neste proxecto se tentan entrelazar os datos recompilados co aspecto humano e formúlanselle ao gandeiro preguntas acerca dos obxectivos na súa explotación.

Un aspecto interesante é unha das cuestións que se lle expón ao gandeiro: “En que che gustaría mellorar?”. A resposta da maioría das explotacións coinciden: as instalacións da recría. Isto lévanos a deducir que na maioría dos casos, ata o momento, a fase de recría é unha fase descoñecida nas explotacións de leite. Na práctica totalidade das explotacións derivase o espazo sobran, instalacións obsoletas ou mal deseñadas, á recría. Isto leva un escaso e inadecuado manexo dos animais, o que en moitos casos provoca un mal desenvolvemento do animal ou frea o potencial xenético do rabaño.

BLOQUE DE XOVENCAS: A GRANXA VISTA DESDE A RECRÍA

Nos seguintes bloques as cuestións ían relacionadas co manexo nas distintas fases da recría, establecendo o secado da nai como punto iniciador, ata a preinseminación como punto final.

Os datos recollidos diferencian dous grupos de xovencas:

Lactante: valórase a xovenca desde o nacemento, analizando calidade de calostro, problemas durante esta fase e pesando os animais para establecer unha ganancia media diaria. Coa análise destes datos pódense establecer puntos de mellora na explotación.

Táboa 1. Idade de media de parto

IDADE ESTIMADA PRIMEIRO PARTO																	
22,3	25	24	24,5	22	23	22	25	23	25,8	23,5	25	24	24	25,5	24,5	22,8	

Crecemento: valóranse animais desde os 6-7 meses ata preinseminación. É neste punto onde se atopa a maior variabilidade entre as xovencas analizadas.

Os datos recollidos fan referencia ás instalacións (m² por animal, bebedeiros, aspecto da cama etc.), nutrición e sanidade, establecendo e relacionando ambos os grupos nunha mesma granxa e despois comparando co resto dos integrantes do estudo. É aquí onde se establece unha diferenza entre as idades ao primeiro parto.

A continuación presentamos unha táboa cos principais datos técnico-económicos recompilados a través dos datos de control leiteiro, a cal recolle a toma de datos mensual de control leiteiro oficial durante un ano (2018) en 13 granxas de vacún leiteiro da provincia da Coruña. Estes datos foron facilitados polos gandeiros aos alumnos, cuxo principal obxectivo foi avaliar a relación entre a idade do parto e a súa influencia na capacidade produtiva do animal. ▶▶

EN QUE CHE GUSTARÍA MELLORAR?
Ganancia media diaria
Sala de muxido
Camas e instalacións ✓
Na recría ✓
Calidade de vida
Mellorar as instalacións das xovencas ✓
Aloxamento para os xatos ✓
Facer outro establo para sacalas das parrillas ✓
Adecuar un establo para a recría ✓
Máis espazo para os animais ✓
Darles máis leite ás xovencas
Modernizarse á hora de aleitar ✓
Man de obra
Vacas secas (mellores instalacións) ✓
Máis espazo para os animais ✓
Nos primeiros 3 meses de vida do animal
Nas instalacións ✓
Condicións das instalacións de xovencas ✓

Táboa 2. Relación idade de parto – capacidade produtiva da vaca

N.º de granxa	N.º de vacas	% primeiros partos	Primíparas	Idade ao primeiro parto	Leite
20	163	42,3	69	23,7	36,2
4	150	44	66	24,9	34,7
15	188	36,7	69	24,5	36,1
11	99	32,3	32	26,1	27,7
17	77	41,6	32	25	36,6
2	127	26,8	34	25	32,8
18	148	30,4	45	26,2	33,7
13	112	33,9	38	23,4	35,6
7	178	27,5	49	24,9	36,6
16	105	51,4	54	25,3	32,1
X1	420	40	168	22,8	40,5
X2	310	33,2	103	23,1	40,7
X3	87	35,6	31	24,3	34,6

Datos mensuais de 13 granxas pertencentes a Africor Coruña (2018)



Smartamine®
MetaSmart®

TU GANADERIA MERECE LOS MEJORES AMINOÁCIDOS.



Smartamine® & MetaSmart® MAS QUE LECHE

Todas las vacas necesitan metionina!!

En múltiples estudios universitarios y pruebas de campo, el uso de Smartamine® M y MetaSmart® para equilibrar las raciones ha demostrado generar:

- Más leche, más proteína, más grasa.
- Mayor disminución de los trastornos metabólicos en el periodo de transición.
- Mejora la eficiencia reproductiva: salida en celo y gestaciones a término.

De la manera más rentable posible.

Confía en Adisseo, líder mundial en nutrición con aminoácidos en rumiantes desde los 90s.

Contacta hoy mismo con nuestro equipo técnico.

+34974316092


@ Info.nasp@adisseo.com



www.adisseo.com

ADISSEO
A Bluestar Company

Gráfico 1. Relación entre produción - idade de 1.º parto



► NON EXISTE RELACIÓN DIRECTA ENTRE AUMENTAR A IDADE DE PRIMEIRO PARTO E INCREMENTAR A PRODUCCIÓN

Como se reflicte na citada táboa, o rango de idade media ao parto fluctúa entre os 22,8 e os 26,2 meses, cunha variación de produción diaria media de máis de 14 litros por animal e día.

Unha das primeiras conclusións obtidas é que non existe unha relación directa entre aumentar a idade de primeiro parto e incrementar a produción, como reflicte o gráfico 1. Con todo, se observamos a relación inversa, é posible incrementar produción mesmo con partos en xovenas máis novas.

O gráfico 1 ilustra con claridade o feito de que son posibles altas producións, se se conseguen as condicións óptimas de desenvolvemento no momento do parto, con suficiente condición corporal e desenvolvemento, independentemente da idade da xovenca no primeiro parto.

En granxas onde a xestión da recría se realiza de forma intensiva, cun manexo óptimo, obtéñense producións que superan os 40 kg/vaca día, con idade ao primeiro parto inferior aos 2 anos.

A conversión económica destes datos podémola calcular tendo en conta os valores medios obtidos dun programa de xestión en varias granxas intensivas de Galicia, reflectidos na táboa 3. Cun custo diario medio de

2,45 €, o grupo de granxas estudadas establece un custo de recría de 1.727 € por xovenca.

Se levamos estes datos á táboa das explotacións do estudo, o resultado podémolo ver na táboa 4. ►►

Táboa 3. Datos produtivos de primíparas

Custo recría/día ideal	Idade ao parto
2,45 €	24 meses
Total	1.727



A resposta dos gandeiros á pregunta "en que che gustaría mellorar?" foi maioritaria: as instalacións da recría



ESCUELA INTERNACIONAL DE INDUSTRIAS LÁCTEAS

ESCUELA INTERPROFESIONAL LÁCTEA

TRADICIÓN,
INNOVACIÓN
Y LA MEJOR
FORMACIÓN



Táboa 4. Custo de reposición media/xovenca

N.º de granxa	N.º de vacas	% primeiros partos	Primíparas	Idade ao primeiro parto	Leite	Custo de reposición €	Sobrecusto (media) €	Sobrecusto reposición €
20	163	42,3	69	23,7	36,2	1.741,95	14,70	1.014
4	150	44	66	24,9	34,7	1.830,15	102,90	6.791
15	188	36,7	69	24,5	36,1	1.800,15	73,50	5.071
11	99	32,3	32	26,1	27,7	1.918,35	191,10	6.111
17	77	41,6	32	25	36,6	1.837,50	110,25	3.532
2	127	26,8	34	25	32,8	1.837,50	110,25	3.752
18	148	30,4	45	26,2	33,7	1.925,70	198,45	8.929
13	112	33,9	38	23,4	35,6	1.719,90	-7,35	-279
7	178	27,5	49	24,9	36,6	1.830,15	102,90	5.037
16	105	51,4	54	25,3	32,1	1.859,55	122,20	7.140
X1	420	40	168	22,8	40,5	1.675,80	-51,45	-8.644
X2	310	33,2	103	23,1	40,7	1.697,85	-29,40	-3.026
X3	87	35,6	31	24,3	34,6	1.786,05	58,80	1.821

► PARTE DAS EXPLOTACIÓNS REFLECTEN UNHA IDADE AO PARTO TRES MESES SUPERIOR Á MEDIA, O QUE *A PRIORI* SUPÓN UN SOBRECUSTO POR ANIMAL DE MÁIS DE 150 €

Avaliando os datos de recría, podemos detectar que en tres explotacións mesmo se consegue anticipar a idade ao parto aos 24 meses (media). Isto supón unha diminución de máis de 50 € por animal ao parto nalgún dos casos.

Pola contra, parte das explotacións reflicten unha idade ao parto tres meses superior á media, o que *a priori* supón un sobrecusto por animal de máis de 150 €.

Se a modo de avaliación técnica aplicamos o custo medio á totalidade das primíparas dos rabaños, atopámonos con resultados máis avultados, con casos extremos nos que existe un sobrecusto de máis de 8.000 € (n.º 18) de diferenza, se comparamos o seu custo co dunha gandería que ten unha media de 24 meses de idade ao primeiro parto. No caso oposto, algunha das explotacións consegue reducir o custo de recría medio en máis de 8.000 € (n.º 1).

Outro dato técnico-económico representativo na xestión é o ingreso a partir do leite producido diariamente polas primíparas da explotación. Neste caso, estudamos as 13 granxas en dous grupos (>24 meses ao parto; <24 meses ao parto), como se reflicte na táboa 5. ►►

Táboa 5. Ingresos venda de leite/explotación

305 días				
Rango de idade parto	Leite media/día	Ingreso/vaca-día	Ingreso lactación	Custo recría media
22-24	39,3	11,8	3.594 €	1.698,31 €
>24	34,2	10,2	3.125 €	1.844,22 €
		Media/vaca	469 €	-146 €
Granxa 100 vacas con 30 % de reposición			14.074 €	-4.377 €

RATIBROM[®]

Nº1
EN VENTAS

¡TENEMOS LA SOLUCIÓN! LA DIETA DEL RATIBROM LAS RATAS Y LOS RATONES **MUEREN** POR ELLA



NUEVA
CONCENTRACIÓN



RESISTE
AL CALOR Y LA HUMEDAD



GAMA VERSÁTIL

Permite manejar diferentes alternativas según las necesidades del tratamiento o las condiciones ambientales.

ALTA APETENCIA

Elaborados con ingredientes de alta calidad y la mayor apetencia del mercado (hasta el 97%).

NUESTROS CEBOS



 **impex** EUROPA S.L.

Avda. de Pontevedra, 39 | 36600 Vilagarcía de Arousa - Pontevedra - SPAIN | T. +34 986 501 371 | info@impexeuropa.es | www.impexeuropa.es

Na táboa 5 o dato máis representativo é a diferenza anual que proporcionan os ingresos de leite por vaca nos dous grupos de explotacións. Con máis de 469 € por primípara/ano, é un dato moi significativo se o utilizamos en conxunto co custo de recría media do grupo.

No grupo de máis idade cada animal supón un sobrecusto de recría teórico de case 150 €. Se isto o sumamos a un menor ingreso por venda de leite, a diferenza da marxe económica supera os 600 € por animal e ano entre ambos os grupos de explotacións.

CONCLUSIÓNS

Podemos resumir este artigo en catro ideas:

1. A importancia do manexo da recría, xa que é a base da produción futura da granxa.
2. Ter obxectivos claros de manexo dentro das posibilidades de cada granxa favorece un desenvolvemento correcto das xovencas.
3. O feito de que os animais teñan máis idade ao primeiro parto non implica unha maior produción de leite na primeira lactación.
4. Máis eficiencia á hora de criar as xovencas implica un menor custo e un maior beneficio.

A través deste estudo podemos concluír que explotacións máis eficientes crían animais máis produtivos, o que leva a un aumento na produción de leite das xovencas e co conxunto obtéñense maiores beneficios.

AGRADECEMENTOS

Quero agradecerlles aos alumnos de Fonteboa a súa dedicación ao longo do curso natural e a súa implicación co proxecto, xa que son eses os realizadores do estudo; aos titores do proxecto, pola súa colaboración porque non só foi unha experiencia enriquecedora a nivel técnico senón tamén humano por ambas as partes, e, finalmente, ás ganderías participantes no proxecto, pola súa colaboración e por abrir as portas da súa casa ás futuras xeracións. Grazas a todos. ■

ALUMNADO PARTICIPANTE

Adrián Blanco Calvete, Judith Chousa Losada, Víctor Cid González, Maite Díez Salazar, Javier Estévez Castaño, Elena Fernández Fernández, Javier Fernández Rodríguez, Adrián Ferrol García, Alejandro García Espiñeira, Lidia Iglesias Santos, María López Carromero, David Núñez Fraga, Xabier Benjamín Paz González, Aaron Pereira Álvarez, Sheila Pérez Pena, Daniel Peteiro Fernández, Raúl Puentes Patricio, Diego Rodríguez Otero, Avelino Souto Rozados, Roberto Villanueva Patao



Tecnología inteligente hace terneros fuertes



El nuevo CalfExpert nos lleva al siguiente nivel: Alimentación individual, mejor higiene y control óptimo de datos. La comodidad para nuestro equipo y ¡nuestras terneras son inmejorables!



**Software
CalfExpert**



**Adaptación
Individual**



**Siempre ten
una tetina limpia**



**Display de la
estación higienica**



**Limpieza de man-
guera hasta la tetina**



**Destete
individual**



**Alimentación inteligente
de leche entera**



**Aumento de peso
diario > 1,000g**



QuadroFlex



SmartKeys

Delegado
Miguel Sá: 00351919028774
www.holm-laue.com

**EL NUEVO estándar para
amamantadoras para terneros!**

HOLM & LAUE

Cosmolabor: +351 964 139 487 • Parrondo Cabornero: 0034 626 983 043 • Luciano Fernández: 0034 626 983 049 • Frior 981774500
Jesmi: 0034 677 72 96 30 • Alberto Disega: 0034 670 286 215 • Albaitaritz: 0034 948 50 03 43 • Trivic: 0034 938 86 62 99



En **De Heus** somos especialistas en **sistemas PMR** (Partial Mix Ration), donde una parte del alimento se suministra en la ración base y la otra a través de las escalas de suministro del pienso en el robot, permitiendo así acercarnos más a los requerimientos nutricionales de cada animal.

Las interacciones entre la **actividad**, el **comportamiento** de los animales, la **alimentación**, la **ingesta**, la **salud** y la **producción de leche** son complejas y se vuelven aún más en el ordeño robotizado.

Por eso en **De Heus** hemos desarrollado un **Sistema Integral de Trabajo** basado en la experiencia de más de 2.000 robots en el mundo y la capacidad técnica de nuestros especialistas de campo.

Una **ración**
de **alta calidad**
que **incentiva** el
número de visitas al
robot de ordeño



Nutrición Inteligente



EFICIENTE



ESPECÍFICA



PRECISA



EQUILBRADA

Nutriexpert®



RobotExpert® monitoriza la productividad, **simplificando los procesos** de los robots de ordeño.

Goalfeed® consigue una **alimentación individualizada**.

Diseñados para obtener la **máxima eficiencia de cada robot**.

Pienso **exclusivamente**
formulados y fabricados
para robots de ordeño



Balance
Nutricional **SFOS**



Nutrientes
equilibrados